



CELEBRACIÓN DO DOMINGO EN OS COTOS

24-25 de marzo do 2018

DOMINGO DE RAMOS



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
CO POBO DE SIRIA QUE SOFRE UNHA GUERRA INJUSTA,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE
E COA NATUREZA MALTRATADA POLOS INCENDIOS



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé e fora da igrexa)

SAÚDO DE BENVIDA

Celebrante

Benvidos sexamos todos a este encontro. Reunímonos hoxe para facer comunidade no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

A celebración do día de Ramos é o inicio da Pascua; coma Xesús, tamén nós queremos encamiñarnos cara o noso Xerusalén persoal: a Xerusalén da esperanza, do triunfo da vida, da derrota do pesimismo e a desgana...

Poñámonos logo en camiño, e que os ramos e palmas que portamos sexan o mellor dos símbolos que expresen que, preparado o noso camiño na Coresma, estamos dispostos a acoller con alegría ao Señor que entra no corazón de cada un de nós.

Hosanna, bendito o que ven no nome do Señor!

ORACIÓN PROPIA DE RAMOS

Oremos

Deus, noso Pai, dínate bendicirnos a todos nós, que con estes ramos nos reunimos aquí, á porta da igrexa, e que acompañamos con alegría a Cristo Rei. Concédenos que unidos a El dando froitos de boas obras poidamos ter parte na Xerusalén do ceo.

Pedímoscho por Cristo Noso Señor. (bendicimos os ramos)

LECTURA DO EVANXEO SEGUNDO MARCOS

Cando se aproximaban a Xerusalén, cerca de Betfagué e de Betania, ó pé do Monte das Oliveiras, mandou Xesús a dous discípulos dicíndolles:

-Ide á aldea que tendes aí por fronte, e ao que entredes, ides atopar atado un burro que ninguén montou aínda; soltádeo e traédeo. Se alguén vos pregunta por que o facedes, dicídelles: "Precísao o Señor, pero de seguida o mandará de volta".

Foron alá, atoparon o burro atado a un portal e desatárono. Algúns dos que andaban por alí, preguntáronlles:

-¿Que facedes aí desatando o burriño?

Eles contestáronlle tal como Xesús lles mandara. E leváronlle o burro a Xesús, que montou nel así que o cubriron cos seus mantos. Moitos estendían tamén os seus mantos no camiño, pra que lle servisen de alfombras; e outros, ramallos cortados nas chousas. E tanto os que ían diante coma os de detrás, exclamaban:

-¡Hosanna! ¡Bendito o que vén no nome do Señor!

¡Bendito o reino do noso pai David que chega!

¡Hosanna no ceo!

Palabra do Señor

Celebrante Coma comunidade imitamos agora á moitedume que aclamaba a Xesús e vaíamos ao seu encontro en paz.

CANTO 🎵 *O Señor noso Deus*

ORACIÓN PROPIA DO DIA

(silencio)

Señor, noso Deus,

Ti quixeches que o teu Fillo, noso Salvador, compartira no medio de nós,

e El, por todos, deu a vida na cruz,

para darlle á humanidade un exemplo do teu amar.

Concédenos que a súa Paixón

nos sirva de testemuño

e merezamos participar na Resurrección.

Pedímoscho por Xesucristo que vive e reina

por sempre eternamente. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

No Leccionario B páxina

LECTURA

LECTURA DA CARTA AOS FILIPENSES

🎵 **nº 50 Na tardiña baixa da vida**

SALMO

(en pé) No Leccionario B páxina

EVANXEO

**PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO
SEGUNDO MARCOS**

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón

PROFESIÓN DA FE

Celebrante Neste encontro parroquial, camiño xa da Pascua, renovamos a nosa vida, e damos resposta da fe que compartimos: **Si creemos**

Monitor/a

Credes en Deus Pai,
Deus de esperanza e non de medos,
Deus de vida e non de morte?

Si creemos

Credes en Xesús,
o seu Fillo benquerido,
que no camiño da Paixón
nos amosa un amar sen límites?

Si creemos

Credes no Espírito Santo,
que nos alumea no corazón
para acoller e dar vida
a cantos homes e mulleres sofren na cruz?

Si creemos

Credes na Igrexa, Comunidade que peregrina
cara á Pascua e cara á Vida
no camiño de Cristo Resucitado?

Si creemos

(en pé) ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante Señor, cos nosos ramos queremos hoxe camiñar á túa beira, e queremos tamén achegarnos aos que sofren e cargan a súa cruz na vida: **SEÑOR, CAMIÑAMOS CONTIGO**

Monitor/a

1. Para que, coma Ti, coas nosas palabras, sexamos exemplo de ilusión e esperanza para as persoas que se senten frustradas na vida, oremos
2. Para que, coma Ti, coas nosas mans, sexamos capaces de colaborar para facer realidade un mundo mellor para os empobrecidos e miserentos, oremos
3. Para que, coma Ti, dende o corazón, sexamos capaces de estar á beira de cantos hoxe se senten abandonados no esquecemento da fame e da violencia, oremos
4. Para que, como Ti, dende a vida, sexamos capaces de solidarizarnos cos homes e mulleres que viven crucificados na inxustiza, na miseria, na marxinación. Oremos
5. Para que, coma Ti, dende as nosas cruces, non deixemos de confiarnos ás mans de Deus Pai, oremos

Celebrante Señor, Ti que nos queres vivos e dando vida, non deixes que as cruces de hoxe nos convertan en persoas mortas e baleiras. Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén.

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante Porque, coma Xesús, queremos nós pousar a vida nas mans de Deus. Queremos ser testemuñas do seu amar de verdade, queremos ser coherentes e facer a súa vontade

NOSO PAI QUE ESTÁS NO CEO...

SIGNO DA PAZ

Celebrante Porque, coma Cristo, moitas veces son os demais os que nos axudan a sentirnos cheos de vida, porque moitas veces é aos demais aos que queremos agasallar coa nosa vida, por iso agora en nome de Cristo dámonos a paz

CANTO 🎵 *nº 36 Fagamos a paz irmáns*

COMUÑÓN

Celebrante Temos compartido con Cristo no camiño da súa vida, temos compartido con Cristo no camiño da súa paixón e da súa cruz, esperando compartir con Cristo na Resurrección, compartímolos agora sabéndonos convidados a este banquete do Señor.

CANTO 🎵 *nº 50 Na tardiña baixa da vida*

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante

Oremos:

Señor,

ao alimentarnos con estes dons sagrados,
pola vida do teu Fillo

fasnos esperar o que nos promete a nosa fe.

Concédenos chegar pola súa resurrección

ao reino que esperamos.

Por Cristo noso Señor.

Con Xesús humilde montado nun burriño queremos aprender a escoitar as necesidades dos demais.

Con Xesús triunfante queremos ser voz ante a inxustiza.

Con Xesús que prepara a súa Paixón, queremos compartir con El a súa Pascua.

Que o Señor nos bendiga,†
nos garde de todo mal
e nos leve á vida eterna. Amén

Avísase das misas (ver folla do mes) animando a que se participe na festa da Pascua no pavillón de Fornelos